

Pleno Extraordinario do Comité 03/10 - 22 de xaneiro de 2010

Ao remate do Pleno ordinario N° 29 celébrase este Extraordinario cun único punto:

Proposta para Cambio de Presidente do Comité

CCOO propón cambiar o actual presidente do Comité, substituíndo a Joaquín Barreiro por Juan Bonet. Alegan cuestións persoais para este cambio indicando que o actual presidente seguirá como membro do Comité Provincial.

O Regulamento do Comité recolle que son precisos $\frac{3}{4}$ dos votos favorables para o cambio do presidente, vótase a proposta co seguinte resultado:

- Votos a favor 11 (CCOO e UGT)
- Votos en contra 2 (CIG)
- Abstencións 5 (CIG, AST, CGT, STC)

O resultado da votación non acada o apoio preciso para o cambio polo tanto non sae adiante a proposta. Dende CCOO insisten en que proporán de novo o cambio e que o actual presidente presentará a dimisión. Para buscar unha saída a esta cuestión propónse unha reunión da Permanente do Comité, onde se presentarán propostas e se tratará de atopar unha solución.

Para a CIG esta é unha cuestión na que é preciso buscar un consenso entre todas as forzas sindicais, entendemos que CCOO ten dereito a propoñer o candidato que consideren oportuno, máis tamén deben actuar coa responsabilidade que supón ser a forza con maior número de delegados.

Nós sempre insistimos en que é imprescindible que o Comité funcione, procuramos actuar coa responsabilidade precisa para que este órgano de representación dos traballadores e traballadoras cumpra a súa función. Faremos o esforzo preciso para atopar unha saída pero non será suficiente se non hai vontade por parte de todos.